

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE XUÑO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2022.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Xustiza a José Tronchoni Albert.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Redondela das estradas provinciais EP-2903 Redondela-Catapeixe e EP-2905, acceso a Arealonga.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de desenvolvemento dunha planta de valoración de material de rechazo en As Somozas–A Coruña, promovido por Valogreene Recinor, S.L.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a execución do Plan de sustentabilidade turística Sanxenxo 365 días, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generación EU, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para a execución do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, aprobado polo Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, por importe total de cento seis millóns novecientos vinte e seis mil trescentos euros (106.926.300€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada “Novo centro de saúde Olimpia Valencia en Vigo”, cun orzamento base de licitación de catorce millóns oitocentos trinta e cinco mil setecentos sesenta e dous euros con oitenta e dous céntimos (14.835.762,82€) e un valor estimado de doce millóns douscentos sesenta mil novecientos sesenta e un euros con un céntimo (12.260.961,01€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual e a superación do límite de pagamentos a conta establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvenciones de Galicia, que se derivan da Orde de convocatoria de dez bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2022, 2023 e 2024, por un importe total de douscentos trinta e sete mil seiscentos euros (237.600€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de La Rioja, a Fundación Dialnet, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) para o desenvolvemento do Proxecto Dialnet Portal da Investigación en Saúde, por importe de sesenta mil euros (60.000€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de luvas con destino aos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de once millóns douscentos un mil novecentos cincuenta e nove euros con cincuenta e un céntimo (11.201.959,51€) e un valor estimado de vinte e sete millóns setecentos setenta e tres mil catrocentos cincuenta e tres euros con trinta e catro céntimos (27.773.453,34€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2022/23 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C). Importe: corenta e un millón catrocentos setenta mil novecentos corenta euros (41.470.940€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a Axenda Financeira 2022 da Xunta de Galicia para apoiar o tecido empresarial.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a publicación da memoria anual do Plan de transporte público de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a ampliación do número de prazas convocadas no concurso oposición para o ingreso na categoría de enfermeira/o.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE AS MEDALLAS CASTELAO A CAMILO NOGUEIRA, JAVIER OLLEROS, A CORAL POLIFÓNICA EL ECO, O EQUIPO FEMININO PESCADOS RUBÉN BURELA FS E JAVIER SÁNCHEZ DE DIOS

Rueda explica que con estas distincións se recoñece o seu traballo, os seus logros e que leven o nome de Galicia máis aló das nosas fronteiras

O presidente da Xunta anunciou esta mañá o nome dos galardoados coas Medallas Castelao 2022 o político Camilo Nogueira, o chef Javier Olleros, a Coral Polifónica El Eco, o equipo feminino de fútbol sala Pescados Rubén de Burela e o xornalista Javier Sánchez de Dios. Tal e como explicou, o Goberno galego recoñece a traxectoria profesional e persoal dos condecorados, o seu traballo, os seus logros e que leven o nome de Galicia máis aló das nosas fronteiras.

A Xunta considera merecedor desta galardón a Camilo Nogueira, un dos pais do Estatuto de Galicia e un dos maiores defensores dos intereses de Galicia en Europa como eurodeputado. "Non hai mellor culminación da celebración dos 40 anos de autonomía" di Rueda.

Tamén ao chef Javier Olleros, que rexenta Culler de Pau, o primeiro e único restaurante galego que conta con dúas estrelas Michelin. "Fixo historia en 2020 e está sempre disposto promover a gastronomía galega e Galicia onde sexa necesario".

No eido da cultura, recibirá a distinción a coruñesa Coral Polifónica El Eco, que vén de celebrar o seu 140 aniversario, converténdose na agrupación máis antiga de España que está en activo, dixo, ao tempo que recordou que foi fundada por Pascual Veiga, compositor da música do Himno de Galicia.

Así como o equipo feminino de Pescados Rubén Burela FS, "unha institución referente no mundo do deporte e na promoción da igualdade na sociedade", sinalou. É tetracampión da Supercopa de España, campión da Futsal Women's Europea Champions e nomeado mellor equipo de fútbol sala feminino do mundo.

E, por último, o xornalista Javier Sánchez de Dios que conta cunha consolidada e ampla traxectoria en prensa escrita, radio e televisión, "comezou como cronista ao pé da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

noticia, despois exerceu diferentes responsabilidades nos medios na actualidade e a día de hoxe escribe artigos na prensa escrita”.

A Medalla Castelao é unha condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galicia ás personalidades e institucións que destacan polo seu traballo no eido artístico, literario e intelectual.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA A JOSÉ TRONCHONI ALBERT

É licenciado en Dereito pola Universidade de Valencia, letrado de Administración de xustiza e forma parte desde 1996 do corpo de secretarios xudiciais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento como director xeral de Xustiza de José Tronchoni Albert, que desde setembro de 2016 ocupaba o cargo de secretario coordinador provincial de Pontevedra.

Tronchoni Albert é letrado da Administración de xustiza e desde 1996 forma parte do corpo de secretarios xudiciais. Como letrado da Administración de xustiza exerceu no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Carlet (Valencia) e no nº 3 de Cambados. Xa na categoría segunda do corpo de secretarios xudiciais estivo destinado no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 de Rubí (Barcelona) e no nº 6 de Ourense. Na cidade de Pontevedra ocupou este cargo nos xulgados do Mercantil nº 2 e nos do Social nº 1 e nº 3.

En setembro de 2016 foi nomeado secretario coordinador provincial de Pontevedra en comisión de servizo, cargo referendado en xullo de 2017 como titular na convocatoria de libre designación do corpo de secretarios xudiciais.

José Tronchoni é licenciado en Dereito pola Universidade de Valencia e conta con experiencia na formación de secretarios xudiciais destinados á comunidade galega e de funcionarios da Administración de xustiza.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE REDONDELA DO TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE UNE O CENTRO DA VILA E CATAPEIXE E DA VÍA DE ACCESO Á PRAIA DE AREALONGA

- A Consellería de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Redondela do treito da estrada provincial EP-2903, que une o centro da vila e Catapeixe, e do treito da EP-2905, coincidente co acceso a Arealonga, na parroquia de Chapela.

O Concello de Redondela e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello de Redondela e emitiu así informe favorable para a transferencia do tramo de 836 metros de lonxitude da EP-2903 Redondela–Catapeixe; e dos 347 metros de lonxitude da EP-2905, vía que remata na praia de Arealonga.

A transferencia a prol do Concello de Redondela tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello de Redondela terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.
Ámbito dos treitos obxecto do cambio de titularidade:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

EP-2903 Redondela-Catapeixe



EP-2905 acceso a Arealonga



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A APOSTA POLA ECONOMÍA CIRCULAR APOIANDO O PROXECTO DE VALOGREENNE RECINOR NAS SOMOZAS PARA IMPULSAR UNHA PLANTA DE REUTILIZACIÓN DE RESIDUOS

- Trátase dunha nova iniciativa empresarial prioritaria á cal a empresa ten previsto destinar máis de 22 millóns de euros cun impacto importante na industria local ao xerarse 25 empregos directos, dos cales o 40 % corresponderán a mulleres
- O proxecto prevé o tratamento de 40.000 toneladas anuais de rexeitamentos do proceso que serán convertidos nunha serie de subprodutos, como aceites pirolíticos e bio-char, similar ao carbón vexetal, contribuíndo ao fomento da economía circular
- O acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, e mantendo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata o de agora, son 15 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia, cunha mobilización global de preto de 720M€ e ao redor de 660 empregos

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Valogreenne Recinor para impulsar no polígono das Somozas (A Coruña) unha planta de reutilización de residuos, reforzando desde xeito a aposta do Goberno galego pola economía circular. Neste sentido, o proxecto, que conta cun investimento de máis de 22 millóns de euros, prevé o tratamento de 40.000 toneladas anuais de rexeitamentos do proceso, que serán convertidos nunha serie de subprodutos, como aceites pirolíticos e bio-char, similar ao carbón vexetal.

Para acadar este obxectivo, a empresa habilitará unha nova nave no polígono nunha parcela de 18.000 metros cadrados. Nela levarase a cabo ese proceso de revalorización de residuos encamiñado á obtención de cru pirolítico que será, despois, reintroducido na cadea produtiva como materia prima secundaria para a obtención de hidrocarburos para transporte, de materiais plásticos sintetizados, e de ceras sintéticas.

Neste marco, cómpre salientar que o proceso tamén permitirá que a planta sexa autosuficiente desde un punto de vista térmico. Así mesmo, o 100 % dos produtos terá como destino final o mercado nacional.

Sobre esta base, Galicia reforza a súa aposta pola economía circular ao tempo que se mellora a competitividade do tecido produtivo e se impulsa a xeración e consolidación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do emprego. Neste sentido, crearanse 25 empregos directos, dos cales o 40 % corresponderán a mulleres, e 30 postos de traballo temporal, ademais da creación de entre 30 e 40 empregos indirectos.

A declaración do proxecto como iniciativa empresarial prioritaria enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

O proxecto súmase ás outras 14 iniciativas empresariais prioritarias xa declaradas e lideradas, entre outros, por Cortizo (Padrón), Hornos de Lamastelle (Carballo), Forestal del Atlántico (Mugardos) ou Bioenergía A Coruña (A Laracha).

Neste marco, os investimentos totais programados polas empresas roldan os 720 millóns e o compromiso de xerar máis de 660 postos de traballo. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da Oficina *Doing Business*, creada pola Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DA O VISCO BO AO CONVENIO CO CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA "SANXENXO 365 DÍAS" QUE CONTA CUN ORZAMENTO DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- O proxecto foi aprobado na Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021 coa Secretaría de Estado de Turismo
- Engloba diversas melloras no Centro de Interpretación A Telleira e no Pazo de Quintans, así como a senda entre a Fianteira e os Pasales
- Está financiado no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dos Fondos NextGeneration

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o concello de Sanxenxo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística "Sanxenxo 365 Días" no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado polos Fondos Next Generation, sendo o prazo de execución de tres anos. Conta cun orzamento de 2 millóns de euros.

O proxecto engloba o acondicionamento no acceso, a mellora paisaxística, a dotación ecoeficiente e a museografía dixital e equipamento no Centro de Interpretación A Telleira; a senda entre a Fianteira e Os Pasales; e a mellora do entorno, a dotación ecoeficiente e dixital do Pazo de Quintans, así como un Centro de interpretación no Pazo.

No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia inclúese unha liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos co obxectivo de implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística na súa triple vertente: ambiental, socioeconómica e territorial.

De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino aprobada na Conferencia Sectorial, o concello de Sanxenxo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando o proxecto "Sanxenxo 365 días", que foi aprobado na Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021 coa Secretaría de Estado de Turismo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA A AUTORIZACIÓN DA SINATURA DO CONVENIO CO EXECUTIVO CENTRAL PARA EXECUTAR O PLAN PARA O ACCESO Á VIVENDA 2022-2025, CUN ORZAMENTO DE 106 M€

- Subliña que, destes programas, os 4 que se convocarán no mes de xullo son as axudas directas ao alugueiro, os incentivos para compra de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, o bono de alugueiro social e as axudas de accesibilidade
- Así mesmo, indica que a finais deste ano se porá en marcha un programa para a promoción de aloxamentos dirixidos a persoas maiores ou con algunha discapacidade e outro para promover solucións residenciais como vivendas cooperativas ou tipo 'cohousing'
- As liñas incluídas no plan virán completar o amplo abano de subvencións, incentivos e préstamos que xestionará o Instituto Galego da Vivenda e Solo ao longo de 2022, ata sumar un total de preto de 160 M€

O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda Valenzuela, avanzou hoxe tras a reunión do Consello da Xunta, a autorización da sinatura do convenio co Executivo central que permitirá empezar a executar o Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, dotado cun orzamento plurianual de 106 millóns de euros.

Entre todos os programas incluídos no novo Plan, a Xunta seleccionou os 7 que considera que mellor se axustan á situación e ás necesidades particulares da Comunidade e que, ademais, tampouco interfieren con outras liñas de carácter autonómico xa implantadas en Galicia, co fin de evitar duplicidades.

En concreto e unha vez que se asine o convenio de colaboración entre ambas administracións, dixo, a Xunta estará en disposición de convocar 4 programas, previsiblemente no mes de xullo. Un deles é o das axudas ao alugueiro, en vigor desde hai anos e un dos que maior demanda ten en Galicia. Cun orzamento asignado de 12,5 millóns de euros, estas subvencións van dirixidas a persoas que non superen 3 veces o Iprem (24.318,84 euros) e que paguen menos de 600 euros ao mes pola súa vivenda. Neste caso, os beneficiarios terán dereito a recibir estas subvencións por un prazo de 5 anos, unha novidade respecto ao plan anterior, onde o límite era de 3 anos.

Así mesmo, a liña de axudas ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras especialmente vulnerables xestionarase a través do bono alugueiro social. A convocatoria deste ano farase por un importe de 11,2 millóns de euros e suporá volver a xestionar en Galicia a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través dunha única e nova prestación os dous bonos —bono alugueiro social e bono para vítimas de violencia de xénero— que nos últimos anos se convocaron de forma separada.

Cunha duración de ata 5 anos e un importe que pode chegar ao 100% da renda máxima fixada en cada localidade —550, 500 e 425 euros ao mes—, esta liña vai dirixida a familias con ingresos iguais ou inferiores a 1,5 veces o Iprem ponderado (11.862,9 euros). En todo caso, estas contías poderán incrementarse nun 20% cando se trate dunha familia numerosa ou algún dos seus membros necesite unha vivenda adaptada.

O terceiro programa que se convocará en xullo se corresponde coas axudas a persoas mozas para contribuír ao reto demográfico. Neste caso, os incentivos están dirixidos especificamente a menores de 35 anos que compren a súa vivenda habitual en municipios cunha poboación inferior a 10.000 habitantes. Terá un orzamento de 2,55 millóns de euros que permitirá apoiar a este colectivo con axudas de ata 10.800 euros.

A maiores, o programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas porá á disposición dos propietarios 3,9 millóns de euros para axudarlles a financiar obras e actuacións que fagan máis accesibles os seus inmobles, xa sexan vivendas unifamiliares ou edificios residenciais colectivos. Neste caso, os incentivos poderán chegar a cubrir o 60% do custo dos traballos, cun límite máximo de 21.000 euros por inmovle.

Programas con convocatoria en decembro

En canto aos tres programas restantes, dous deles convocaranse por primeira vez —previsiblemente en decembro— e van dirixidos, por un lado, a promover aloxamentos ou vivendas para persoas maiores ou con algunha discapacidade, cun orzamento de 4 millóns; e por outro, ao fomento de solucións residenciais como vivendas cooperativas interxeneracionais ou modalidades como o *cohousing*, os aloxamentos temporais e outras similares, unha liña de incentivos que ten asignados 8,3 millóns de euros.

Trátanse de axudas destinadas tanto a administracións, como a entidades privadas, fundacións e promotores sociais interesados en promover vivendas que encaixen nalgún destes programas. A cambio, poderán optar a axudas de 700 euros por metro cadrado no primeiro caso (cun límite de 50.000 euros por aloxamento ou vivenda) e de 420 euros por metro cadrado no segundo (cun máximo fixado tamén en 50.000 euros).

Por último, o programa de incremento do parque público de vivendas non require de convocatoria como tal xa que, neste caso, os 8,3 millóns de euros dispoñibles destinaranse a que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) compre inmobles que xa ten cedidos por parte de Abanca e da Sareb.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para isto, necesitarase asinar un convenio previo con estas entidades, polo que se prevé que no mes de outubro se poidan incorporar estas vivendas ao parque público residencial da Comunidade.

Cómpre lembrar que o anterior Plan de vivenda 2018-2021 contou cun orzamento total de 112,6 millóns de euros, incluíndo os fondos adicionais que se mobilizaron para paliar os efectos da covid no eido residencial. Nestes momentos e tendo en conta o importe xa concedido e o que se segue a pagar no marco das convocatorias plurianuais que aínda están en marcha, o grao de execución do plan en Galicia será superior ao 95%.

Unha trintena de axudas e programas en materia de vivenda

Todos estes programas, enmarcados no Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, virán completar o amplo abano de axudas, incentivos e liñas de financiamento que a Xunta porá á disposición de particulares, comunidades de veciños, concellos e promotores en 2022 grazas a fondos propios da Comunidade e tamén ao diñeiro procedente da UE a través do programa *Next Generation*.

De feito, este ano está previsto que o Goberno galego xestione ao redor dunha trintena de programas cun orzamento global de preto de 160 millóns de euros para apoiar diferentes tipos de intervencións no eido residencial así como outras actuacións directas do IGVS —máis alá dos investimentos en marcha para construír novas vivendas de promoción pública—, que teñan como fin incrementar o actual parque público residencial.

Entre as liñas de axudas xa convocadas e con prazo de solicitude aberto, cómpre citar catro programas financiados con fondos europeos co denominador común de que buscan facilitar a rehabilitación enerxética de inmobles residenciais xa existentes —o programa de axudas a nivel de edificio, o PREE5000, os incentivos a nivel de vivenda, e o programa de subvencións á elaboración do libro do edificio e á redacción de proxectos—.

Ademais, ata o vindeiro 30 de setembro poderán pedirse axudas por un importe máximo de 25.000 euros para rehabilitar inmobles localizados na Área de rehabilitación integral (ARI) dos Camiños de Santiago, na ARI Ribeira Sacra e na ARI das Illas Atlánticas; e nesa mesma data tamén se pechará o prazo para optar ás subvencións autonómicas para adquirir inmobles en centros históricos ou para comprar unha vivenda protexida.

Por último, o presidente da Xunta lembrou que Galicia contará este ano con ata unha trintena de iniciativas coas que facilitar que a poboación teña acceso a unha vivenda digna xa sexa en réxime de alugueiro ou en propiedade. Nese sentido, asegurou que o Goberno galego seguirá traballando para garantir ese dereito, especialmente entre os colectivos máis vulnerables.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE OLIMPIA VALENCIA EN VIGO, QUE ELEVA O SEU ORZAMENTO ATA OS 14,8 M€

- A Xunta prevé licitar nos vindeiros días a execución do novo equipamento sanitario, que ocupará o espazo do actual edificio da Audiencia Provincial na rúa Lalín
- Incrementábase o orzamento inicial de 12,8 M€ en case un 16 %, actualizando os prezos ao aumento de custos de mercado
- O obxectivo é iniciar as obras no primeiro trimestre de 2023, unha vez trasladados á Cidade da Xustiza os servizos e o persoal da Audiencia
- O novo centro unificará a atención sanitaria do barrio das Travesas e incrementará a carteira de servizos de atención primaria que se prestan na actualidade, como son os de Fisioterapia, Odontoloxía e Farmacia, beneficiando a 42.000 persoas
- As instalacións do novo CIS de Vigo inclúen urxencias, 20 consultas de medicina, 20 de enfermaría, 8 de pediatría, 8 de enfermaría pediátrica, 2 de odontoloxía, área de rehabilitación ou a base do 061
- Trátase dun edificio funcional, cunha envolvente que garante que os profesionais do centro e os pacientes dispoñen de luz natural
- A actuación enmárcase no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, que prevé a posta en marcha de 37 novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros 14, beneficiando o 25 % da poboación
- Desde o ano 2009, a Xunta construíu ou reformou 100 centros de saúde a que hai que engadir as obras en marcha nos CIS de Lugo e Lalín, sumando un investimento autonómico de máis de 120 M€ en infraestruturas de atención primaria

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á licitación das obras do novo centro integral de saúde (CIS) Olimpia Valencia, en Vigo, que eleva o seu orzamento ata os 14,8 millóns de euros.

A Xunta prevé convocar proximamente o concurso público de contratación das obras do novo equipamento sanitario. O investimento previsto sobe case un 16 % desde o orzamento inicial de 12,8 M€. Este aumento é resultado da actualización do proxecto aos prezos de mercado tras os últimos incrementos de custos rexistrados nos materiais precisos para a execución desta obra, logo dun primeiro concurso que foi declarado deserto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase de executar o novo centro de saúde, que ocupará o espazo do actual edificio da Audiencia Provincial, na rúa Lalín. O novo centro integral de saúde situarase nas proximidades da praza de América, entre os barrios das Travesas e Coia.

O obxectivo da Xunta é iniciar as obras no primeiro trimestre de 2023, unha vez que se conclúa o traslado dos servizos e do persoal da Audiencia Provincial á Cidade da Xustiza de Vigo. As obras contarán cun prazo de execución de 18 meses.

O novo centro de saúde integral suporá unha oportunidade de mellora dos servizos sanitarios da cidade, unificará a atención sanitaria do barrio das Travesas e incrementará a carteira de servizos de atención primaria que se presta na actualidade. O futuro CIS beneficiará unha poboación de 42.000 persoas.

O obxectivo fundamental da nova infraestrutura é substituír o centro de saúde de López Mora, que está obsoleto, presentando unhas condicións estruturais que son mellorables, cunha evidente limitación espacial que condiciona o seu crecemento e desenvolvemento. Ademais, permitirá completar a carteira de servizos de atención primaria e dotar esa zona daquelas prestacións que, a día de hoxe, non están dispoñibles en ningún dos seus centros de saúde, como Fisioterapia, Odontoloxía e Farmacia.

As obras que se van executar

A distribución interior do edificio está adaptada ao uso xudicial, polo que se remodelará a súa configuración. Neste sentido, as súas fachadas tamén serán renovadas, xa que non se adaptan ás necesidades de iluminación natural requiridas para crear espazos sanitarios de calidade.

As instalacións, con 7.619 m² construídos, albergarán servizo de urxencias, unha área asistencial con 20 consultas de medicina xeral, 20 de enfermaría, 8 de pediatría, 8 de enfermaría pediátrica, 2 de odontoloxía e áreas da muller, de rehabilitación, de telemedicina, de administración e a base do 061.

Trátase dun edificio funcional e acolledor, cunha envolvente que garante a posibilidade de que a maioría dos postos de traballo e estancia de pacientes dispoñan de luz natural e contacto co exterior.

A imaxe do edificio será moi diferente a que ofrece actualmente: a fachada compoñerase dunha 'dobre pel', composta por un muro cortina de vidro, combinado con fachada ventilada de aluminio e a 80 cm deste cerramento no seu exterior, dispoñerase unha celosía composta por listóns de madeira de piñeiro termotratada.

Distribución

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire á distribución das instalacións, no soto situarase unha base para o 061, cun funcionamento autónomo con respecto ao centro de saúde; tamén as instalacións do edificio, vestiarios e unha zona de carga e descarga e subministracións.

Na planta 0 estará a recepción, así como as urxencias, con dúas salas polivalentes e unha de observación. Neste andar situarase tamén a área de traballo social e a de rehabilitación, que contará con 2 consultas de fisioterapia, ximnasio e 6 cabinas.

O primeiro andar dedicarase a área integral de atención pediátrica, de modo que se minimicen os percorridos dos cativos polo edificio.

O segundo e o terceiro andar contarán con consultas de medicina e de enfermaría; e o cuarto combina unha zona de consultas de medicina e enfermaría cun espazo central dedicado a farmacia e odontoloxía. Na parte oeste concéntrase a área de atención á muller, cunha aula de preparación ao parto e dúas consultas de matronas.

O quinto andar disporá de salas de docencia, espazos de telemedicina, despachos de administración e a sala de xuntas.

Plan de Infraestruturas Sanitarias

O centro integral de saúde Olimpia Valencia enmárcase no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria aprobado no Consello da Xunta o pasado día 29 de outubro. Este Plan contempla a posta en marcha nos vindeiros anos de 37 novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros 14. Estas 51 actuacións están divididas en tres fases que benefician ao 25 % da poboación galega –650.000 usuarios–, cunha planificación que segue criterios técnicos e asistenciais como: a antigüidade dos centros, o seu estado de conservación ou as carencias funcionais e operativas.

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 100 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 75.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as cinco obras que están en marcha (os centros integrais de saúde de Lugo e Lalín, tamén executados pola Axencia Galega de Infraestruturas, e as reformas de Porriño, Arnoia e Ribadavia). En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, máis de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

Imaxe do centro integral de saúde Olimpia Valencia de Vigo:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA 10 BOLSAS DE FORMACIÓN POR UN IMPORTE DE 237.600€ EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

A finalidade é xerar contornos de traballo propicios para contribuír ata 2024 na especialización das persoas universitarias na súa formación académica, profesional ou investigadora

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de 10 novas bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, unhas axudas coas que o Goberno galego busca cada ano fomentar a capacitación dos titulados universitarios, promovendo ao mesmo tempo o ensino, a cultura e a investigación en lingua galega.

A convocatoria deste ano conta cun orzamento superior aos 230.000 € e enmárcase no compromiso da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade coa investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica sobre a lingua propia de Galicia, co fin de avanzar na súa normalización e promover o seu uso en todos os eidos profesionais e sociais.

Así, nesta ocasión, as bolsas permitirán que os investigadores afonden nos seguintes proxectos de investigación: *Bibliografía da literatura galega* (1 bolsa), *Fraseoloxía galega* (2 bolsas), *Corpus de Referencia do Galego Actual* (1 bolsa), *Cantigas de Santa María* (1 bolsa), *Prosa literaria medieval* (1 bolsa), *Terminoloxía científico-técnica* (1 bolsa), *Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala* (1 bolsa), *Base de datos do ALIR* (1 bolsa) e *Dicionarios de literatura* (1 bolsa).

Poderán solicitar as axudas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións exixidas no proxecto para o que presenten a súa solicitude. Ademais, deberán acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos do Centro Ramón Piñeiro e posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos. A data estimada de comezo será o 1 de decembro de 2022 e rematarán o 30 de novembro de 2024. Con todo, a data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica da Xunta no prazo dun mes desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e, unha vez rematado o prazo, serán avaliadas por unha comisión específica que terá en conta os

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

méritos acreditados documentalmente por cada un dos solicitantes, considerando especialmente a nota media do expediente académico, a súa formación complementaria, a presentación de comunicacións e congresos relacionados coa bolsa ou as publicacións relacionadas coa especialidade da investigación.

Máis de 500 investigadores en 26 anos

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades cuxo cometido é promover a formación e capacitación das persoas das persoas universitarias a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito de humanidades.

Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva, ademais de centrarse na dixitalización do coñecemento, co propósito de ofrecer recursos dixitais e ferramentas que permitan a súa compartición e acceso libre.

Desde a súa fundación, hai 26 anos, pasaron máis de 500 investigadores ou bolseiros que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados desde o centro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS CONTARÁ CUN PORTAL DA INVESTIGACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE SAÚDE PARA DAR VISIBILIDADE NACIONAL A SÚA ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- O Consello da Xunta dá luz verde á participación da Consellería de Sanidade, o Sergas e ACIS no convenio de colaboración Dialnet, polo que as universidades e institucións que realicen actividades de I+D+i poderán presentar e facilitar o acceso aos resultados das súas investigacións científicas
- O obxectivo deste proxecto é potenciar unha infraestrutura tecnolóxica que permita o desenvolvemento de portais web, nun entorno colaborativo

O Sergas contará cun portal web da Investigación do Sistema Galego de Saúde, que recolla e dea visibilidade aos resultados das súas diferentes actividades científicas e incrementa, deste xeito, o seu impacto. Esta é unha das finalidades do convenio de colaboración entre Universidade de La Rioja, Fundación Dialnet, Consellería de Sanidade, Sergas e a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), que autoriza o Consello da Xunta, para o desenvolvemento do Proxecto Dialnet Portal da Investigación. O orzamento para participar neste convenio é de 60.000 euros divididos entre os anos 2022 e 2025.

O obxectivo do Proxecto Dialnet Portal da Investigación é potenciar unha infraestrutura tecnolóxica que permita o desenvolvemento de portais web, nun contorno colaborativo a nivel nacional, para que as universidades e institucións que realicen actividades de I+D+i poidan presentar e facilitar o acceso aos resultados das súas investigacións. Está fundamentado nun modelo de base de datos de produción científica única e compartida polas institucións participantes, e busca evitar duplicidades de traballos, mellorando a calidade dos datos.

No caso concreto da web da Investigación do Sistema Galego de Saúde, quérese poñer en marcha unha ferramenta innovadora para xestionar, de maneira integral, a investigación actual e futura do Sistema Galego de Saúde, incorporando tecnoloxías de enriquecemento de datos e intelixencia artificial, que se compartirán co resto dos participantes.

O Proxecto Dialnet Portal da Investigación xorde da necesidade de fomentar a cooperación interinstitucional nun entorno de cooperación bibliotecaria. Isto resulta máis eficaz e máis eficiente que o traballo realizado de xeito independente por cada

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

institución, xa que, os esforzos materiais e humanos que se requiren no seu conxunto son inferiores aos que debería realizar cada institución individualmente para acadar un resultado similar e, polo tanto, resulta máis sustentable.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 11,2 MILLÓNS DE EUROS EN LUVAS PARA OS CENTROS SANITARIOS DO SERGAS

- Trátase da cuarta contratación centralizada do Servizo Galego de Saúde deste tipo de material e forma parte da programación do Plan de Compras do Servizo Galego de Saúde
- O obxectivo, ademais de garantir a continuidade da subministración destes produtos, é mellorar o seu prezo de adquisición e igualalo para todas as áreas sanitarias

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a contratación de subministración sucesiva de luvas con destino aos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, por un período de dous anos, 2022 a 2024. Esta licitación ten un orzamento de 11.201.960 euros.

Na última compra centralizada de luvas adxudicáronse, con data do 22 de xuño de 2021, unicamente 2 dos 10 lotes licitados debido á continua escalada de prezos destes produtos na pandemia da COVID-19. Por este motivo é necesario tramitar unha nova licitación para a subministración sucesiva de luvas con destino aos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, con todos os lotes declarados desertos na licitación anterior agás o lote correspondente ás luvas exame de vinilo non estéril. Isto é debido a que o consumo das luvas de exame de vinilo diminuíu e temos stock dispoñible adquirido durante a pandemia.

Así coa contratación aprobada hoxe, vanse adquirir os lotes non adxudicados na licitación anterior. Trátase de sete lotes de luva para diferentes usos e materiais tales como as de látex para cirurxía e exame, cirúrxicas de policloropreno, e luvas de nitrilo para distintas utilidades.

Trátase da cuarta contratación centralizada do Servizo Galego de Saúde deste tipo de material e forma parte da programación do Plan de compras do Servizo Galego de Saúde e permitirá seguir coa unificación do material de uso común e repetitivo. Ao mesmo tempo continúa, na medida do posible, co proceso iniciado de simplificación e homoxeneización naqueles casos en que os usos e destinos sexan os mesmos.

O obxectivo destas contratacións centralizadas, ademais de garantir a continuidade da subministración destes produtos, é mellorar o seu prezo de adquisición e igualalo para todas as áreas sanitarias. Búscase, así mesmo, garantir a subministración destes produtos, tanto nos centros de atención primaria como de atención hospitalaria, tendo presentes os principios de igualdade no acceso, equidade, calidade, continuidade dos cuidados entre niveis asistenciais e sustentabilidade económica das prestacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A semana pasada, o Consello da Xunta aprobou, por primeira vez a licitación por este mesmo procedemento de compra centralizada de materiais de sutura por valor de 7,1 millóns de euros. Entre os expedientes licitados por primeira vez nestes últimos anos polo Servizo Galego de Saúde, mediante compra centralizada, está a subministración sucesiva de tubos endotraqueais e cánulas de traqueotomía, adxudicado por un importe de 1.839.709,81 euros, con IVE, cun aforro do 18,66 % sobre a licitación; a subministración sucesiva de sistemas monitorización de glicosa, adxudicado por un importe de 834.291,08 euros, con IVE, cun aforro do 4,20 % sobre a licitación; e a subministración sucesiva de equipos de cobertura cirúrxica cun importe de adxudicación de 2.961.134,41 euros, con IVE, cun aforro sobre a licitación do 8,59 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 41 M€ PARA A IMPLANTACIÓN DA GRATUIDADE PARA O 100% DO ALUMNADO NAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL E NAS PRIVADAS

- Explica que se lle anticipará aos centros o 100% do crédito para o período de setembro a decembro e o 90% de xaneiro a agosto, co fin de facilitar a planificación do curso
- Tamén se aumentará nun 10% a contía que reciben as escolas para que poidan facer fronte ao incremento dos gastos
- Na actualidade xa se benefician da gratuidade os segundos fillos e sucesivos, e a extensión desta medida tamén aos primeiros a partir do vindeiro mes de setembro beneficiará a unhas 30.000 familias galegas

O presidente da Xunta anunciou hoxe na rolda de prensa de consello que a Xunta destinará un investimento de máis de 41 millóns de euros para que as escolas infantís de iniciativa social e as privadas apliquen a gratuidade na atención educativa de 0 a 3 anos para o 100% do alumnado a partir do vindeiro mes de setembro. Con este fin, o Goberno galego sacará unha convocatoria conxunta con crédito ampliable e con dúas liñas: unha para os centros de iniciativa social dotada con 11,9 millóns de euros e outra para as privadas con 29,5 millóns de euros.

A orde que rexerá este procedemento publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nos vindeiros días e contará, dixo, con novidades para facilitar a planificación das escolas e financiar a medida un máximo de once meses por curso. Así, cubrirá todos os meses do curso 2022-2023 e incorpora dous anticipos: do 100% para o período de setembro a decembro; e do 90%, de xaneiro a agosto. Ademais, auméntase nun 10% a contía que reciben os centros para que poidan facer fronte ao incremento de gastos.

Ademais, Rueda explicou que coa implantación da gratuidade para todos os nenos nas escolas infantís de titularidade privada e de iniciativa social desaparece o Bono concilia, que axudaba ao pago da escola infantil e que agora non será necesario porque a atención educativa nestes centros será de balde para as familias.

Máis polo miúdo indicou que a medida da gratuidade deseñouse de xeito que as nais e pais non teñan que realizar ningún tipo de papelame a maiores, xa que todas as xestións realízanse entre a Xunta e a propia escola.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Comunidade pioneira

“Galicia é a primeira e única Comunidade Autónoma na que a educación infantil será totalmente gratuíta para todos os nenos vaian a escola que vaian”, dixo, ao tempo que sinalou que na actualidade, xa se benefician desta gratuidade os segundos fillos e seguintes e, que co inicio do novo curso 2022-2023 amplíase tamén aos primeiros fillos.

Nese sentido, recordou que o número de familias que se beneficiarán da extensión da gratuidade da atención educativa a todos os nenos de 0 a 3 anos estímase en 30.000. “Isto suporá un aforro medio de entre 1500 e os 2000 euros por neno ao ano”, abundou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE GALICIA MOBILIZARÁ ESTE ANO 400 M€ A TRAVÉS DA AXENDA FINANCEIRA DA XUNTA CO OBXECTIVO DE CONTRIBUÍR Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA E Á MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL

- Incide en que o documento se configurará a través de tres liñas e distintas medidas que suman un total de 135,5 millóns, reforzando o capital e os fondos propios das empresas, facilitando o acceso a instrumentos de débeda e ofertando garantías para favorecer a obtención de crédito
- No eido do capital póñense en marcha, entre outros, o programa de Transformación Empresarial, que combinará financiamento e consultoría estratéxica para o impulso de proxectos de internacionalización e reforzo da competitividade
- Achéganse préstamos parcialmente reembolsables para apoiar o investimento empresarial combinando financiamento e axudas directas
- Está en marcha unha liña de avais e outra de reavais que prioriza a resposta ás dificultades que atravesan as pemes máis afectadas pola invasión rusa de Ucraína

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou da avaliación por parte do Consello da Xunta da Axenda Financeira 2022, "unha folla de ruta con diferentes programas de apoio ás empresas que suman 135,5 M€ e cos que esperamos unha mobilización público-privada de 400 M€, o triplo que o ano anterior".

A este respecto, explicou que para acadar esta meta Galicia conta con distintas medidas englobadas en tres liñas de actuación: o reforzo do capital e os fondos propios das empresas; o acceso a instrumentos de débeda; e a oferta de garantías para facilitar a obtención de crédito.

Deste xeito, a Axenda Financeira recolle investimentos directos na procura de reforzar o ámbito financeiro das empresas galegas, contribuíndo á reactivación da economía galega e á mellora da competitividade do tecido empresarial.

Así, no eido do capital póñense en marcha, dixo, entre outros, o programa de Transformación Empresarial. Conta cun orzamento de 30 millóns e combina financiamento e consultaría estratéxica incidindo no impulso de proxectos de internacionalización e no reforzo da competitividade a través da dixitalización e a innovación, o financiamento de proxectos de integración, a mellora de produtos e procesos, a profesionalización de equipos directivos e a reestruturación das sociedades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En segundo lugar, a Axenda Financeira da Xunta de Galicia incorpora a concesión de préstamos para afrontar as posibles débedas do tecido empresarial galego. Así, contéplanse préstamos para investimentos estratéxicos consistentes na creación de novas instalacións e na mellora das existentes, ou no incremento de capacidade produtiva. Cun tipo de xuro con bonificacións de ata o 1,5% con respecto ao de mercado, estes préstamos teñen unha duración de ata doce anos coa posibilidade de incluír un de carencia.

Así mesmo, incorpóranse préstamos para financiar aquelas industrias afectadas polo incremento de prezo de materias primas e subministracións como consecuencia da invasión de Ucraína por Rusia. Neste caso, as contías oscilan entre os 300.000 euros e o millón, contando tamén os tipos de xuro con bonificacións de ata o 1,5%.

Préstamos que inclúen axudas directas

O Goberno galego, a través do Igape, dependente da Vicepresidencia primeira, pon en marcha un ano máis os IFI Innova, que permiten financiamento de proxectos innovadores de pequenas e medianas empresas, con contías de entre 50.000 e 500.000 euros. Ademais, o tecido empresarial ten a súa disposición préstamos parcialmente reembolsables que, cun orzamento de 22 millóns, combinan o endebedamento e axudas para acometer un investimento determinado. Co obxectivo de acadar unha mobilización final de máis de 36M€, neste caso o beneficiario recibirá un préstamo como forma de apoio para poder acometer un investimento. No caso de executar en tempo e forma o proxecto de investimento para o que se solicite dito investimento, e de cumprir coas condicións para beneficiarse da axuda directa, unha parte do préstamo convértese en non reembolsable.

A terceira liña de actuación da Axenda Financeira oriéntase á concesión de garantías, onde destacan os programas de avais e de reavais do Igape. O primeiro conta con preto de 4 millóns para cubrir ata o 70% do risco da operación de financiamento á que se desexe acceder.

No caso dos reavais, en colaboración coas sociedades de garantía recíproca, destínanse máis de 10 millóns de euros a garantías para acceder a capital circulante, a investimentos empresariais ou a operacións de tráfico nacional ou internacional. Neste campo, cómpre destacar unha liña específica de avais activada para atender ás empresas afectadas pola invasión rusa de Ucraína.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A RENOVACIÓN INTEGRAL DO TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA DUPLICOU O NÚMERO DE LIÑAS, PARADAS E SERVIZOS DE AUTOBÚS NAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe a primeira memoria anual publicada do Plan de transporte público de Galicia, dispoñible para a súa descarga na páxina web bus.gal
- Destaca especialmente o incremento de liñas de transporte público na provincia de Lugo, onde se multiplicaron por seis
- O documento reflicte a ampliación da cobertura territorial do bus interurbano, os avances na información dos servizos en tempo real e as próximas actuacións para a posta en marcha efectiva da Área de Transporte de Galicia, este mesmo verán
- Rexistra un incremento do 70 % do número de viaxes desde 2016, ata acadar o máximo de 23,2 millóns en 2019, mostrando unha recuperación progresiva da demanda entre xullo de 2020 e xuño de 2021, tras a caída pola COVID-19
- Destaca o uso da tarxeta Xente Nova, que a data de hoxe permite a 113.861 mozos menores de 21 anos viaxar gratis nos autobuses da Xunta por toda Galicia
- A área de transporte da Coruña, con máis de 29.000 dispositivos, é a que conta con máis tarxetas Xente Nova expedidas, seguida da de Vigo, con máis de 22.000
- A memoria dá conta do traballo de revisión continua dos servizos que se prestan co obxectivo de acadar un transporte interurbano mellor adaptado ás necesidades dos cidadáns, en que a calidade dos servizos acadou unha puntuación global de 7,9

O Consello da Xunta avaliou hoxe os resultados da renovación integral do transporte público de Galicia, que supuxo, como mínimo, duplicar o número de liñas, paradas e servizos de autobús nas catro provincias galegas. Destaca especialmente o incremento de liñas na provincia de Lugo, onde se multiplicaron por seis.

Así se recolle na 'Memoria anual do Plan de transporte público de Galicia xullo 2020-xuño 2021' avaliada hoxe polo Goberno galego, que recolle o incremento no número de paradas e servizos desde 2016, cando comezou o proceso de renovación das liñas de autobús de competencia da Xunta.

A memoria anual publicada do Plan de transporte público de Galicia está dispoñible para a súa descarga na páxina web bus.gal. Trátase do primeiro balance anual que se realiza desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre o transporte público interurbano por estrada xestionado pola Xunta, renovado completamente nos últimos anos, a través de 127 novas concesións que operan as 3.470 liñas que na actualidade prestan servizo na comunidade autónoma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A análise detalla o funcionamento do transporte público entre xullo de 2020 e xuño de 2021, recollendo un curso lectivo completo, debido a importancia do transporte de escolares que cada día leva á clase máis de 47.000 alumnos no autobús compartido.

A nova modalidade de transporte posta en marcha coas novas concesións permite empregar as prazas baleiras do autobús escolar, ofrecendo unha gran capilaridade e levando o servizo de autobús a onde antes non chegaba.

Só no período desta memoria transportáronse máis de 80.000 viaxeiros non escolares nestes servizos integrados.

A memoria recolle tamén a evolución do servizo do transporte público interurbano da Xunta desde o inicio do proceso de modernización, que comezou en 2016.

Compílanse aquí as actuacións desenvolvidas para a mellora do transporte público de titularidade autonómica, dirixidas a incrementar a oferta de servizos e establecer condicións máis económicas para os usuarios, permitindo a mellora das tarifas, que se traducen en aforros de ata un 60 % no prezo dos billetes en relación coas antigas tarifas.

Así mesmo, analízase o funcionamento de todas as solucións novidasas incorporadas polo Plan de transporte público de Galicia para ampliar a cobertura territorial do autobús interurbano, como son as modalidades do transporte compartido e os servizos baixo demanda.

Tamén se fai balance das medidas adoptadas no período de xullo de 2020 a xuño de 2021, coa extensión da tarxeta Xente Nova a toda a comunidade, e os avances na información dos servizos. Do mesmo xeito, adiántanse as próximas actuacións, como será a posta en marcha efectiva da Área de Transporte de Galicia, prevista para este mesmo verán.

Esta memoria é un exercicio de transparencia por parte da Administración autonómica, que terá continuidade nos próximos anos e en que se dá conta do traballo realizado pola Goberno galego na mellora continua do transporte público.

O detalle da memoria

A memoria recolle o detalle da evolución da oferta de servizos en toda a comunidade, que duplicou, como mínimo, o número de liñas, paradas e servizos en todas as provincias desde 2016, chegando a multiplicarse por 6 a cifra de liñas en Lugo.

Así, no conxunto de Galicia, o número de liñas pasou de 927 a 3.380, o que supón máis que triplicar o número de liñas existente en 2016; as paradas pasaron de 20.557 a 51.474

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no conxunto de Galicia, multiplicando por 2,5 o número de paradas dispoñibles; e de 1,2 millóns de servizos ao ano a 2,3 millóns, o que supón practicamente o dobre.

Cadro comparativo dos servizos que se prestaba no ano 2016 e os que se realizaban en xuño de 2021, data de peche da memoria.

	ANO	VEH · KM (UDS. ANO)	LIÑAS (UDS.)	PARADAS (UDS.)	SERVIZOS (UDS. ANO)
A CORUÑA	2.016	22.826.381	301	8.930	686.871
	2.021	28.164.229	1.161	21.345	1.110.930
LUGO	2.016	3.309.967	95	1.852	72.639
	2.021	8.773.209	614	8.296	248.504
OURENSE	2.016	4.061.885	249	3.290	131.194
	2.021	7.923.521	645	7.979	295.484
PONTEVEDRA	2.016	7.314.827	282	6.485	298.545
	2.021	12.183.838	960	13.854	669.178
GALICIA	2.016	37.513.060	927	20.557	1.189.248
	2.021	57.044.798	3.380	51.474	2.324.096

Dedica un capítulo específico á revisión do crecemento da demanda de usuarios, que demostrou ser un aval á aposta da Xunta pola modernización do transporte interurbano. O número de viaxes incrementouse un 70 % desde 2016 ata o seu máximo de 23,2 millóns en 2019 e, de xullo de 2020 a xuño de 2021, obsérvase unha recuperación progresiva despois da caída de demanda motivada pola covid-19.

Destaca, en particular, o uso da tarxeta Xente Nova nos 12 meses da memoria, que descendeu en menor medida que a demanda xeral grazas ás ampliacións da súa cobertura.

A data de hoxe 113.861 mozos menores de 21 anos viaxan gratis nos autobuses da Xunta polos 313 concellos de Galicia. A Coruña, con máis de 29.000 tarxetas, e Vigo, con máis de 22.000 dispositivos, son as áreas de transporte co maior número de usuarios con tarxetas expedidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais dos datos desagregados por provincias e áreas de transporte metropolitano, a memoria inclúe fichas por comarca coa evolución da oferta e a demanda no curso 2020/21.

A memoria fai balance tamén dos aspectos económicos do autobús interurbano, fundamentais na aposta da Xunta por promover o seu uso. Por unha banda, no referido ao sistema tarifario máis económico e uniforme para os usuarios e as múltiples posibilidades de bonificación que incorpora o Plan.

Por outra banda, o documento detalla o investimento necesario para garantir a prestación de servizos cunha maior cobertura territorial, prezos accesibles e un sistema viable para o sector do transporte. Durante os 12 meses a que se refire a memoria, a Xunta achegou 65 M€ para financiar os servizos de autobús interurbano da comunidade.

Ademais, a memoria dedica dous capítulos centrados directamente nos cidadáns, que poñen de manifesto o seguimento diario do funcionamento do transporte público e das novas necesidades de mobilidade que fai a Xunta. Un deles explica a atención das achegas e suxestións formuladas polos usuarios, mentres o outro dá conta dos traballos de campo anuais que reforzan a revisión continua ao que se someten os servizos de autobús interurbano co obxectivo de ofrecer un transporte mellor adaptado ás necesidades cambiantes dos cidadáns. A calidade dos servizos acada, neste período, unha puntuación global, por parte dos usuarios, de 7,9.

O último capítulo da memoria fai balance do impacto da COVID-19 e as medidas adoptadas, pola súa relevancia particular durante o curso 2020/21, aínda que o efecto da pandemia reflíctese de xeito transversal en toda a memoria.

Este capítulo recolle todas as medidas adoptadas para garantir que o autobús seguise sendo un medio de transporte seguro para usuarios e traballadores, adecuando a prestación dos servizos ás limitacións de mobilidade de cada momento. Tamén se detallan as axudas estatais e autonómicas activadas por mor da COVID, que superaron os 38,2 millóns de euros en 2020 e 2021.

A Xunta convida a todos os interesados a descargar e consultar a Memoria anual do Plan de transporte público de Galicia, que dá conta do traballo realizado pola Goberno galego na mellora continua do transporte público.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLIA ATA 1.300 AS PRAZAS CONVOCADAS NA OPE DE ENFERMARÍA

- O pasado mes de marzo, o Consello da Xunta aprobou un total de 1.070 prazas de enfermaría, que agora vense incrementadas con outras 230 grazas a OPE extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do Sergas para este ano
- Galicia axilizou ao máximo o proceso para a consolidación destas prazas, incorporándoas a unha convocatoria aberta nesa mesa categoría e sitúase entre as primeiras comunidades no cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- O sistema de selección será o de concurso-oposición, reservándose un total de 268 prazas para o seu acceso pola quenda de promoción interna e 74 para o acceso por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Na fase de concurso prevese a valoración dos servizos prestados en centros illados así como os realizados durante a situación de emerxencia sanitaria orixinada pola covid, como recoñecemento ao esforzo e dedicación dos profesionais
- Este novo proceso súmase aos que están actualmente en desenvolvemento para incorporar 3.406 novos profesionais con vínculo fixo ao Sergas, dos cales 2.000 deles o van facer próximamente

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, amplía a convocatoria do proceso selectivo para o acceso á categoría de enfermaría, en desenvolvemento dos decretos de oferta de emprego público de persoal estatutario para os anos 2019, 2020 e 2021. O pasado mes de marzo, o Consello da Xunta aprobara un total de 1.070 prazas de enfermaría, que agora vense aumentadas ata chegar ás 1.300, cun incremento de 230 prazas.

Estas 230 prazas son froito da OPE extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema público de Saúde de Galicia para este ano. Subliñar que Galicia axilizou todo o posible a consolidación destas novas prazas de enfermaría, ao incorporalas a unha convocatoria de ope aberta para esta mesma categoría. Deste xeito, a nosa comunidade sitúase entre as primeiras no cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Cómpre destacar, como principais novidades da convocatoria, e dado o contexto actual de redución da temporalidade no emprego público, o incremento do número de prazas reservadas para o seu acceso pola quenda libre (958), e a diminución da puntuación mínima necesaria para a superación do exercicio sobre o contido da parte específica do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programa, relacionado co desenvolvemento profesional e as funcións propias da categoría, pasando do 50 % do seu valor ao 35 %.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, reservándose un total de 268 prazas para o seu acceso pola quenda de promoción interna e 74 para o acceso por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Na epígrafe do baremo da fase de concurso, prevese a valoración, cunha puntuación específica, dos servizos prestados en centros illados, así como os realizados durante a situación de emerxencia sanitaria orixinada polo coronavirus, como recoñecemento do esforzo e dedicación dos profesionais. Así, polos servizos efectivamente prestados nos hospitais públicos do Barco de Valdeorras, Verín, A Mariña, Cee e Monforte de Lemos ou en centros sanitarios do nivel de atención primaria situados en concellos caracterizados polo seu illamento respecto dos grandes núcleos poboacionais, asignarase unha puntuación adicional de 0,5 puntos por ano completo ou a parte proporcional.

Así mesmo, os servizos prestados como profesional de enfermaría no período de emerxencia sanitaria da COVID-19 comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 9 de maio de 2021 valoraranse na epígrafe doutras actividades, cunha puntuación adicional por mes completo traballado, equivalente ao valor asignado a cada un destes méritos na epígrafe de experiencia profesional do baremo.

O baremo tamén prevé unha puntuación específica polo exercicio de dereitos de conciliación da vida laboral e familiar por parte da persoa aspirante, tales como o desfrute de redución de xornada, excedencia por coidado de fillos ou familiares, licenza de maternidade ou permiso de paternidade entre outros. Así mesmo, incorpora as medidas recollidas no primeiro Plan de igualdade aprobado polo Servizo Galego de Saúde con respecto ás mulleres xestantes con dificultades para desprazarse na data de realización do exame, conferíndolles a posibilidade de realización da proba nun centro hospitalario, nun espazo especialmente acondicionado para o efecto.

Esta convocatoria cumpre requisitos da Lei de redución de emprego temporal. Está previsto que se poidan incluír novas prazas unha vez aprobada a oferta extraordinaria.

Publicación e prazos de inscrición

O prazo de inscrición neste proceso finaliza o vindeiro 15 de xullo. Preténdese así posibilitar, por un lado a participación neste proceso dos novos titulados en enfermaría que finalizarán os seus estudos no próximo mes de xuño. A inscrición efectuarase a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través do sistema de información Fides/expedient-e. Para calquera dúbida relacionada con este proceso habilítase o seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es.

Convocatorias anteriores

Malia o contexto económico e sanitario dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde, en cumprimento do compromiso de dotar de estabilidade os seus cadros de persoal, continuou a convocar e desenvolver novos procesos de selección para o acceso á condición de persoal fixo, logo de aprobación con carácter anual dos preceptivos decretos de oferta de emprego público, que esgotaron a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado e en que se deu prioridade ás categorías sanitarias.

Así, desde o ano 2012 ofertáronse un total de 8.218 prazas das distintas categorías para a súa incorporación, como persoal estatutario fixo, ás institucións sanitarias do Sistema público de saúde galego.

Concretamente, neste período incorporáronse ao Servizo Galego de Saúde, con vinculación fixa un total de 1.454 profesionais de enfermaría, dos cales 1.035 pertencen á categoría de enfermaría e 419 ás especialidades de enfermaría obstétrica e xinecolóxica, familiar e comunitaria, pediátrica, saúde mental e traballo, sendo Galicia pioneira na incorporación de persoal fixo das especialidades de enfermaría familiar e pediátrica.

Así, na especialidade de enfermaría familiar e comunitaria incorporáronse 30 profesionais e na de enfermaría pediátrica, un total de 166: 18 a través de concurso-oposición e 148 a través do sistema de concurso específico. Na especialidade de saúde mental, foron 115 os profesionais incorporados: 30 por concurso-oposición e 85 por concurso específico. No referido a enfermaría do traballo, estamos falar de un total de 6 profesionais, dos cales 2 accederon a través de concurso oposición e 4 polo procedemento de concurso específico. Por último, na especialidade de enfermaría obstétrico-xinecolóxica, incorporáronse un total de 102 profesionais logo da superación dun concurso-oposición.

Este novo proceso súmase aos que están actualmente en desenvolvemento para a incorporación de 3.406 novos profesionais con vínculo fixo ao Servizo Galego de Saúde. Destas prazas, 2.000 son de próxima incorporación en distintas especialidades médicas, técnicos sanitarios, persoal informático, traballadores sociais e persoal de xestión e servizos das áreas de mantemento e hostalaría, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Destas 2.000 prazas con procesos selectivos en tramitación, 1.320 xa se atopan na fase final de concurso, estando prevista a publicación nos próximos días da relación de aspirantes seleccionados, e respecto das 680 prazas restantes, que realizaron os exercicios da fase de oposición o pasado mes de abril e maio, está prevista a publicación, en breve, das puntuacións provisionais da fase de oposición.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

